

A XXVI Festa do Requeixo da Capela incrementa nesta edición as súas actividades

Hoxe celébrase o X concurso de receitas no restaurante Casa Pepe das Neves

REDACCIÓN FERROL

A celebración máis esgrevia do ano na Capela, a festa do Requeixo, cumpre este domingo a súa XXVI edición. Para cunha completa programación festiva que se adianta xa ao día de hoxe no restaurante Casa Pepe das Neves. Alí celébrase o X concurso de receitas con requeixo que como cada ano terá dúas especialidades: salgadas e doces. Unha competición gastronómica que terá como premio en cada categoría un vale de compra en supermercados Gadis e unha cea para dúas persoas no restaurante Casa Pepe, así como un lote de produtos para os segundos clasificados.

En canto á festa do domingo, na que se repartirán unhas 7000 tarrinas de produto, comezará ás 11.00 horas coa apertura das exposicións de artesanía, manualidades e agrícola amenizada pola banda de gaitas Airiños de Fene. Ás 13.30 horas levarase a cabo o pregón da festa, a cargo do humorista gráfico e artista Siro López, e actuará a Banda de Balbina. Nese momento comezará o reparto das tarrinas de requeixo, que os comensais poderán na tenda de produtos locais (pan, queixo, mel, empanada, etc.). Paralelamente haberá unha mostra de artesanía de Buño e xogos para os pequenos.



A organización calcula en repartir unhas 7.000 tarrinas de produto

O humorista gráfico e artista ferrolán Siro López será o encargado de ler o pregón da cita

Ás 16.00 horas comezaran as actuacións musicais con Cé Orquestra Pantasma. Ás 18.00 horas celebrarase a actuación do grupo Airiños do Frade, seguida

da charanga Vai de Baile. Para culminar a festa a partir das 20.30 horas coa actuación da orquestra Gallaeia Big Band, unha formación composta de 13 músicos curtidos no jazz e os vocalistas Paty Lesta e Sergio Zearreta, acompañados do produtor Sito Sedes e o actor Luis Iglesia ("Matalobos") na súa faceta musical. Fontes da organización confían en que o bo tempo lles leve a superar as 4.000 persoas da pasada edición. ■

Comezan esta tarde en Cedeira as actividades ao redor do Lugnasad celta

REDACCIÓN FERROL

Trala construción dos poboados na contorna da praia da Magdalena, hoxe comeza en Cedeira unha nova edición do Lugnasad, a celebración que mañá terá o día grande coa voda polo rito celta de 26 parellas procedentes de toda Europa e América.

Así, a partir das cinco da tarde, a organización invita aos máis pequenos da casa aos Xogos dos Diminutos, que inclúen a "Caza do xabarin", "Completa a

parella" e "Óso ó caldeiro". E xa entrada a noite, sobre as 23.00 horas, chegará a hora da deoninada "Noite dos Druídas". Nela, estes antigos sabios dos diferentes clans xúntanse no campo da festa para celebrar unha multitudinaria queimada da que poderán gozar todos os presentes e que oficiará o organizador e impulsor desta cita, o profesor Aneiros dos Ártabros.

O Lugnasad de Cedeira condrega, edición tras edición, a centos de persoas atraídas polas

tradicións celtas e o ambiente castrexo dunha festa que pretende potenciar, ao mesmo tempo, a creatividade popular e os recursos gastronómicos e turísticos da zona.

Colaboran no proxecto o Concello de Cedeira, a asociación Amigos do Lugnasad, a Banda de Gaitas Robaleira, a Sociedade de Caza e Pesca Cedeira-Cerdido e diversos empresarios, comerciantes, artesáns e veciños de Cedeira implicados nesta singular celebración. ■

BREVES

Todo preparado en Ortigueira para a "Xira do Veciño"

Residentes das 22 parroquias de Ortigueira participan mañá na área recreativa da illa de Mera na VII Xira do Veciño. Organizada polas concellerías de Benestar Social e Participación, o programa inclúe unha sardiñada popular gratuíta e xa pola tarde xogos tradicionais, inchables e a música do grupo Brisas da Croa.

Swaggie, pop feito por alumnas do conservatorio de Ferrol en Casa Ardá

O local Casa Ardá de Limodre (Fene) acolle ás 23.00 horas un concerto do grupo Swaggie, de nova creación. Formado por catro alumnas e un profesor do Conservatorio de Ferrol, con versións dos Beatles, Credence, Norah Jones, etc. A entrada é libre.

A Feira do Cabalo das Pontes repartirá case 2.500 euros en premios

A XIV edición da Feira do Cabalo das Pontes, que organiza a Asociación Caballos do Eume o próximo 21 de setembro, repartirá 2.470 euros en premios. A cita abrirá ás 10.00 horas e os participantes deberán inscribirse antes das 10.30, aportando a documentación e o seguro dos animais, comezando as probas ás 11.00 horas. Pola mañá disputaranse as probas de marcha para cruzados (chapeada catro tempos) con galardóns entre os 150 e os 30 euros. As mesmas cantidades repartiranse para marcha cruzados (serrada dous tempos) e na de marcha trotóns, ambas pola tarde. Como peche celebrárase a competición de carreira de galope, que entregará 680 euros en premios.



O Quinteto Bellón Macelras actuará pola noite

O VII Festival do Río Beelle une no Roxal a algunhas das máis destacadas formacións da música galega

O Roxal, en Neda, celebra mañá a VII edición do Festival do Río Beelle organizada pola asociación A ferverza do Beelle. Xa pola mañá comezan a actividades ao redor das merendas e ao medio-día o escultor Manuel Patinha será o encargado de ler o pregón seguida da música de Berros do Castro. Durante a tarde sucederán as actividades ata chegar ó festival folk da noite, que contará coas actuacións de Muxarega, Batuki en Monte Alto, Cuchufellos, Quinteto Bellón Maceiras e Tarde Piaches.

Moeche celebrará esta fin de semana diversas actividades na honra do seu patrón San Ramón

Mañá comezan en Moeche as festas na honra a San Ramón. O grupo de música tradicional Xente Nova de Ferrol inicia a xornada, e ás 13.30 horas haberá misa con procesión seguida da sesión vermú coa orquestra Xente Nova. Ás 18.00 horas haberá xogos para os pequenos e unha festa da escuma. Na verbena actuarán as orquestras Xente Nova e Armonía Show. O domingo ás 13.30 horas se celebra a misa con procesión, acompañada do grupo de música tradicional Airiños dos Carrís de Cerdido. Seguirá a sesión vermú cunha orquestra que repetirá na verbena desde as 20.00 horas.